GRAÑA PÉREZ MARTÍN	**5826***	SI
INSUA LÓPEZ ELENA	**5916***	SI
MARTÍNEZ PÉREZ IAGO	**8808***	SI
TORRENTE PÉREZ FRANCISCO DENÍS	**5595***	SI

b) <u>PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:</u>

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
ANDIÓN CUESTA NATALIA	**5602***	(1)
CABANA CASTRO VANESA	**5369***	(2)
CALVO TORQUEMADA EVA MARÍA	**6780***	(2)
FERNÁNDEZ DORADO SEILA	**4244***	(1)
SIEIRA PÉREZ JUAN ANDRÉS	**4589***	(1)

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

(1) Presenta a solicitude fóra do prazo establecido, tal e como se recolle na base cuarta das bases que rexen este proceso de selección e no anuncio publicado no BOP de Lugo Nº 194, do mércores día 26 de agosto de 2026.

(2) Non acredita estar en posesión da titulación requirida na base terceira das bases que rexen este proceso de selección, apartado e) Titulación.-Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, dalgunha das seguintes titulacións académicas universitarias oficiais de Grao (ou equivalente Licenciatura, Diplomatura ou título declarado equivalente conforme á normativa vixente): Licenciatura ou Grao en Dereito, Grao en Ciencias Xurídicas das Administracións Públicas, Dobre Grao en Dereito e Administración e Dirección de Empresas, Dobre Grao en Dereito e Ciencias Políticas e da Administración, Dobre Grao en Dereito e Economía.

SEGUNDO.- De conformidade co artigo 68 da LPAC, as persoas aspirantes excluídas ou que non figurasen nas lista provisional disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación no BOP, para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou para corrixir posibles erros. A emenda refírese exclusivamente á corrección de erros materiais ou á achega de documentación que, sendo requirida e alegada na solicitude inicial, presente algún defecto formal (p. ex., falta de sinatura, copia ilexible). En ningún caso se admitirá nesta fase a incorporación de novos méritos ou documentos non alegados nin presentados no prazo orixinario de presentación de solicitudes, en garantía dos principios de igualdade e seguridade xurídica.

Resoltas as alegacións, a Alcaldía ditará unha nova resolución aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica do Concello. Na mesma publicación constará a designación nominal dos membros do Tribunal Cualificador (titulares e suplentes) así como o día, hora e lugar de realización do primeiro exercicio.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Cervo, 11 de novembro de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés. A secretaria accidental, María Eugenia Piñeiro Díaz.

R. 3122

LUGO

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación da Relación de Postos de Traballo do Excmo. Concello de Lugo.

Previa resolución das alegacións presentadas, aprobouse, por Acordo 16/418 da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo de data 6 de outubro de 2026, a APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, no que se refire a:

1. Creación de dous postos de traballo de coordinador/a teleoperador/a e dous postos de teleoperador/a no Servizo de Participación e Atención Cidadá, en execución da Sentenza número 260/2021 de 31 de marzo de 2021 ditada polo Xulgado do Social número 1 de Lugo e confirmada pola Sentenza número 1311/2022 de 18 de marzo de 2022 ditada pola Sala do Social do TSX de Galicia.

72 SERVIZO DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ											
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESC	DOT	VINC.	TP	FP	GRUPO	C.D	OBSERVACIÓNS	
72/291/1	Coordinador/a teleporador/a	A.E.	SVS.ESP	1	FUNC	S	C	C1	19		139
72/291/2	Coordinador/a teleporador/a	A.E.	SVS.ESP	1	FUNC	S	C	C1	19		139
72/292/1	Teleoperador/a	A.E.	SVS.ESP	1	FUNC	S	C	C2	16		122
72/292/2	Teleoperador/a	A.E.	SVS.ESP	1	FUNC	S	C	C2	16		122

2. Servizo de informática. Modificación do posto de traballo do Servizo de Informática con código 71/217/1 denominado "analista programador de desenvolvemento tecnolóxico", en execución da Sentenza número 72/2021 de 31 de marzo de 2021 ditada polo Xulgado do Contencioso – Administrativo número 1 de Lugo confirmada pola Sentenza numero 37/2022 de 26 de xaneiro de 2022 ditada pola Sala do Contencioso – Administrativo do TSX de Galicia.

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

ÁREA FUNCIONAL DE CONCELLO E CIDADANÍA											
71 SERVIZO DE INFORMÁTICA											
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESC	DOT	VINC.	TP	FP	GRUPO	C.D	OBSERVACIÓNS	
71/217/1	Analista programador/a desenvolvemento tecnolóxico	A.E	TEC.	1	FUNC	NS	C	A2	26	Diplomado en Informática. Ocupado por persoal laboral. Posto para adaptar tras a xubilación do actual titular.	281

3. Modificación do posto de traballo con código 52/207 "coordinador/a de deportes" no Servizo de Deportes, en execución da Sentenza número 148/2024 de 9 de setembro de 2024 ditada polo Xulgado do Contencioso – Administrativo número 2 de Lugo. O posto pasará a denominarse "Xefa/a do Servizo de Deportes".

52 EDUCACIÓN FÍSICA, DEPORTES E ESPARCEMENTO											
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESC	DOT	VINC.	TP	FP	GRUPO	C.D	OBSERVACIÓNS	
52/207	Xefe/a de Servizo	A.E.	TEC.	1	FUNC	S	C	A1	29	Grao en ciencias da actividade física e deporte ou equiv.	330

4. Creación de postos da Banda Municipal de Música e Escola de Música.

5103 BANDA DE MÚSICA/ESCOLA DE MÚSICA											
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESC	DOT	VINC.	TP	FP	GRUPO	C.D	OBSERVACIÓNS	
5103/293/1	Músico/a instrumentista / docente (Saxofón)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/2	Músico/a instrumentista / docente (Trompa)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/3	Músico/a instrumentista / docente (Trombón)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/4	Músico/a instrumentista / docente (Fliscorno)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/5	Músico/a instrumentista / docente (Óboe)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/6	Músico/a instrumentista / docente (Trompa)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/7	Músico/a instrumentista / docente (Clarinete)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/8	Músico/a instrumentista / docente (Clarinete)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/9	Músico/a instrumentista / docente (Clarinete)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

5103/293/10	Músico/a instrumentista / docente (Trombón)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/11	Músico/a instrumentista / docente (Bombardino)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/12	Músico/a instrumentista / docente (Saxo)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/13	Músico/a instrumentista / docente (Frauta)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/14	Músico/a instrumentista / docente (Clarinete)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/15	Músico/a instrumentista / docente (Fagot)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/293/16	Músico/a instrumentista / docente (Percusión)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	A2/C1	19		205
5103/36/3	Músico/a instrumentista (Trompeta)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	C2	18		172
5103/36/4	Músico/a instrumentista (Saxofón)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	C2	18		172
5103/168/2	Músico/a instrumentista (Tuba)	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	C2	18		172

5. Creación de 4 postos de traballo de oficial fontaneiro na brigada de augas.

6601 BRIGADA DE AUGAS											
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESC	DOT	VINC.	TP	FP	GRUPO	C.D	OBSERVACIÓNS	
6601/109/3	Oficial Fontaneiro/a	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	C2	16		144
6601/109/4	Oficial Fontaneiro/a	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	C2	16		144
6601/109/5	Oficial Fontaneiro/a	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	C2	16		144
6601/109/6	Oficial Fontaneiro/a	A.E	SVS.ESP	1	FUNC	NS	C	C2	16		144

6. Reclasificación de postos de habilitación nacional.

02 SECRETARÍA XERAL											
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESC	DOT	VINC	TP	FP	GRUPO	C.D	OBSERVACIÓNS	
02/3	Secretaría de Admon. Municipal / posto de colaboración	H.N	S- I	1	FUNC	S	C	A1	30		575

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

64 ORGANO DE ORZAMENTACIÓN E CONTABILIDADE											
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESC	DOT	VINC.	TP	FP	GRUPO	C.D	OBSERVACIÓNS	
64/6	Titular do órgano de orzamentación / contabilidade	H.N	IT SUP / ENT	1	FUNC	S	LD	A1	30		595

7. Ampliación de xornada de dous postos de educadoras sociais.

4101 CENTROS SOCIO-CULTURAIS											
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESC	DOT	VINC.	TP	FP	GRUPO	C.D	OBSERVACIÓNS	
4101/212/5	Educador/a Social	A.E	TEC.	1	FUNC	NS	C	A2	23	CCMBALTEIRA	197
4101/212/5	Educador/a Social	A.E	TEC.	1	FUNC	NS	C	A2	23	SCORAZÓN	197

8. Apertura de postos de persoal de oficios a persoal laboral e funcionario.

Dita apertura afecta aos postos cos códigos: 0901/29, 0901/138/1, 0901/138/2, 0901/138/3, 0901/138/4, 0901/138/5, 0901/139/1, 0901/139/2, 0901/139/3, 0901/139/4, 0901/139/5, 0901/140/1, 0901/140/2, 0901/140/3, 2501/33, 2501/98/1, 2501/98/2, 2501/98/3, 2501/98/4, 2501/98/5, 2501/98/6, 2501/43/2, 3104/29, 3101/31/1, 3104/31/2, 3104/31/3, 3104/31/4, 3104/44/1, 3104/44/2, 3104/44/3, 3104/105/1, 3104/105/2, 3201/29, 3201/44/1, 3201/44/2, 3201/44/3, 3201/44/4, 3201/44/5, 3201/44/6, 3201/44/7, 4101/42, 4102/29, 4102/67/1, 4102/67/2, 4102/67/3, 4102/103/1, 4102/103/2, 4102/103/3, 4102/103/4, 52/42, 66/110/1, 66/110/2, 66/110/3, 66/110/4, 66/110/5, 66/110/6, 66/110/7, 66/44, 6601/29, 6601/109/1, 6601/109/2, 6601/106/1, 6601/106/2, 6601/106/3, 6601/106/4, 6601/106/5, 6601/106/6, 6601/1017/1, 6601/107/2, 6601/107/3, 6601/107/4, 720104/29, 720104/102/1, 720104102/2, 720104/102/3, 720104/42/1, 720104/42/2 e, 720104/42/3.

Lugo, 12 de novembro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Excma. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 3123

PALAS DE REI

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía N.º 2026-0634 de data 30 de outubro, o padrón e lista cobratoria da taxa pola entrada de vehículos a traveso da beirarrúa, referidos ao exercicio 2026, para os efectos tanto da súa notificación colectiva, nos termos que se deducen do artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, como da submisión dos mesmos a trámite de información pública, por medio deste anuncio expóñense ao público *no Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de *quince días hábiles*, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario da taxa, correspondente ao exercicio tributario 2026, en:

Localidade: Palas de Rei (Lugo)

Oficina de recadación: Contas restrinxidas de recadación de ABANCA e de CAIXA RURAL GALEGA en horario das mesmas

Prazo de ingreso: do 1 ao 31 de decembro de 2026

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

Palas de Rei, 10 de novembro de 2026.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 3116

QUIROGA

Anuncio

Na Xunta de Goberno Local celebrada o día 6 de novembro de 2026 aprobáronse as Bases da Convocatoria de axudas a estudantes do Concello de Quiroga para o curso 2026/2027. O prazo de presentación de solicitudes será de 20 DÍAS HÁBILES contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ESTUDANTES DO CONCELLO DE QUIROGA PARA O CURSO 2026/2027

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto das presentes bases regular un réxime de axudas a os/as estudantes que, residindo en Quiroga, cursarán os seus estudos universitarios, formación profesional, masters e educación especial fóra do termo municipal durante o curso 2026/2027.

Considéranse gastos subvencionables os seguintes:

- Adquisición de libros de texto.
- Matrícula de inscrición.
- Gastos de transporte.
- Gastos de vivenda.

Non se subvencionarán os seguintes gastos:

- Gastos de investimento, é dicir, materiais / bens inventariables, que son aqueles que teñen unha vida útil superior ao ano, que pode ser reembolsable e non consumido na súa totalidade dentro da actividade subvencionada, e tamén cando o seu valor unitario supere os 100,00 euros (IVE incluído) e cando se compren por paquetes e o seu custo supere os 300,00 euros (IVE incluído).
- Impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Gastos bancarios.

SEGUNDA. DESTINATARIOS/AS E REQUISITOS.

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar empadroado no concello de Quiroga e ser dependente economicamente. Consideraranse dependentes economicamente os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2026.

b) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

TERCEIRA. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 DÍAS HÁBILES contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Este prazo poderá ser prorrogado por resolución da Xunta de Goberno Local.

As persoas interesadas presentarán as súas solicitudes obrigatoriamente

- Na Sede Electrónica do Concello de Quiroga ou por correo electrónico concello.quiroga@eidolocal.es

CUARTA. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO.

As solicitudes, que irán dirixidas ao Alcalde do Concello de Quiroga, formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse a través da Sede Electrónica do Concello de Quiroga, e debe incluír polo menos a seguinte documentación:

- Fotocopia D.N.I. da persoa que solicita a concesión ou o representante legal, sobre os máis pequenos.
- Certificado da matrícula expedido polo centro educativo ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria para o alumnado de F.P., universitarios, ensinanzas artísticas superiores e alumnado con necesidades educativas especiais que cursen fóra do Concello de Quiroga.

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

QUINTA. DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN

- Documento que xustifique o pago de libros de texto e adquisición de material, en facturas a nome do solicitante ou do representante legal ou titor. Deberá indicarse se están pagadas.
- Documentación xustificativa de gastos de transporte. Facturas ó nome da persoa solicitante.
- Se é o caso, fotocopia do contrato de arrendamento ou documento que acredite os datos do domicilio no que imos residir durante o curso que deberá indicar os datos da vivenda, as datas do contrato, o importe para abonar, os datos do arrendador (nome e NIF) e do resto de arrendatarios, se os hai.
- Número de conta bancaria certificado. No caso dos menores de idade, é posible presentar o número de conta do representante legal ou titor.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da seguridade social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.
- Autorización ao concello de Quiroga para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo Anexo II.

Documentación complementaria:

- Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% do solicitante, se procede.

No caso de presentar solicitudes para varios irmáns, non é necesario duplicar documentación.

SEXTA. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN:

A concesión practicarase previa baremación das solicitudes atendendo estritamente aos documentos xustificativos presentados e ata esgotar o crédito desta convocatoria.

Incoación do expediente. O procedemento iniciarase previa solicitude do/a interesado/a e impulsarase de oficio en todos os seus trámites. A presentación da solicitude de subvención supón a plena aceptación destas bases.

Órgano competente para a instrución. O órgano competente para a instrución dos expedientes serán o alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, a concelleira de Educación e o secretario municipal, que verificarán que a instancia presentada se atope correctamente cumprimentada e asinada, e acompañada da documentación que resulte preceptiva de acordo co disposto no apartado catro e cinco das presentes bases reguladoras.

Corrección de defectos na solicitude. Se a solicitude non reúne os requisitos que lle foran esixibles, especialmente se non vén acompañada dalgún dos documentos previstos nos apartados catro e cinco o órgano instrutor requirirá ao/ a interesada/o para que emende os defectos ou complete a solicitude no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles dende a notificación (art. 68.1 LPACAP), advertíndolle que, de non facelo así, teráselle por desistida a súa solicitude.

Informes, avaliación de solicitudes e outras actuacións. Non habendo defectos emendables ou, de habelos, se tiveran corrixido en tempo e forma, continuarase coa instrución do expediente. O órgano instrutor realizará de oficio todas cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e aprobación dos datos que sirvan de base á resolución de acordo ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RD 887/2006 de 21 de xullo) e nas presentes bases reguladoras. En particular, poderá solicitar cantos informes foran necesarios para fundamentar a resolución ou foran esixibles pola normativa vixente, que en todo caso terán carácter facultativo e non vinculante e deberán ser remitidos nun prazo non superior a dez días, así como poderá avaliar as solicitudes conforme aos criterios contidos nas presentes bases reguladoras.

Proposta para resolución. A proposta de resolución deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectúala.

O expediente de concesión conterá un informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra no seu poder, despréndese que o/a beneficiario/a cumpre con todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

Notificación da proposta. O órgano de instrución notificará a proposta de resolución aos/as interesados/as que foran excluídos como beneficiarios/as na fase de instrución, mediante notificación por correo electrónico, aos efectos de presentar alegacións ou emendar oportunas no prazo máximo de quince días, transcorridos os cales, o concello de Quiroga entenderá que o/a solicitante renuncia á axuda.

Resolución O órgano para a resolución definitiva do expediente será a Xunta de Goberno Local.

A resolución do procedemento notificarase aos/ás interesados/as de acordo co previsto no artigo 41 da LPACAP, a cuxos efectos bastará practicar a notificación no domicilio ou correo electrónico que a persoa interesada tivera sinalado ao efecto no momento de cursar a súa solicitude. En todo caso, a resolución será publicada no taboleiro de edictos do Concello de Quiroga.

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

SÉTIMA. CONTÍA DAS BOLSAS

O concello de Quiroga aboará as bolsas aos beneficiarios que reúnan todos os requisitos previstos na base segunda e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requirida na base cuarta e quinta.

Os importes distribuiranse de forma proporcional ás solicitudes formuladas, tendo en conta o gasto realizado ou o previsible, tanto no que afecta aos gastos de matrícula, inscrición e material escolar, gastos de vivenda como aos gastos de transporte.

OITAVA. IMPORTE MÁXIMO E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O importe total para axudas reguladas nestas bases non poderá superar o importe consignado nas correspondentes aplicacións do Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2026:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE
2026 .320 .480	Subvencións en materia educativa	8.000,00 €

Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso o importe da axuda concedida polo concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Se se detectasen facturas falsas ou fraude na declaración dos datos facilitados se perderá o dereito a obter as axudas nos cinco anos seguintes.

Levarase a cabo a tramitación anticipada de gasto, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

NOVENA. COMPATIBILIDADE

A percepción destas axudas será compatible coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

DÉCIMA. XUSTIFICACIÓN

A documentación xustificativa presentarase coa solicitude e con carácter previo ao pagamento.

1) Xustificantes esixidos para as axudas de ensino:

DOCUMENTACIÓN
• Facturas orixinais ou copias cotexadas que acrediten o gasto realizado en libros. • Certificado da matrícula expedido polo centro educativo ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria para o alumnado de F.P., universitarios, ensinanzas artísticas superiores e alumnado con necesidades educativas especiais que cursen fora do Concello de Quiroga

2) Xustificantes esixidos para as axudas de transporte:

DOCUMENTACIÓN
Facturas de combustible ó nome do solicitante (non serán válidos resgardos de combustible nos que non figure o nome do solicitante) Factura da empresa de transporte ó nome do solicitante (non serán válidos tíckets de autobús)

3) Xustificantes esixidos para as axudas por aloxamento:

DOCUMENTACIÓN
Se é o caso, fotocopia do contrato de arrendamento ou documento que acredite os datos do domicilio no que imos residir durante o curso que deberá indicar os datos da vivenda, as datas do contrato, o importe para abonar, os datos do arrendador (nome e NIF) e do resto de arrendatarios, se os hai.

UNDÉCIMA. VERIFICACIÓN E REVOGACIÓN

Ao marxe do disposto no apartado anterior, unha vez concluído o proceso de adxudicación das axudas, o Concello de Quiroga poderá requirir aos/as beneficiarios/as a presentación dos documentos que considere oportunos para acreditar a efectiva realización da actividade para a que lle foi concedida a subvención.

A aceptación das presentes bases implicará tamén a autorización ao Concello de Quiroga para recadar de calquera organismo, entidade ou institución, e calquera que fora a súa natureza- pública, concertada ou privada- os datos

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

necesarios para determinar a concesión ou denegación da axuda e, no caso de que lle fora concedida, para determinar se o seu importe foi integramente empregado para a finalidade para que lle foi concedida.

Igualmente, implicará a aceptación de ser notificados/as pola vía telemática, conforme ao disposto no artigo 27.2 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos.

O incumprimento das obrigacións contraídas polo/a beneficiario/a en virtude do disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nas presentes bases reguladoras e nas Bases de execución do orzamento do Concello de Quiroga e, particularmente, o incumprimento no disposto no apartado 12 (Obrigacións dos/as beneficiarios/as) ou o falseamento ou ocultación dos datos que tiveran dado lugar á concesión da subvención, poderá dar lugar á revogación da resolución estimatoria da mesma e ao reintegro do importe total ou parcial da subvención inicialmente concedida, previa resolución ditada ao efecto polo órgano competente para a súa concesión, que deberá estar debidamente motivada e notificada ao/á interesado/a.

DUODÉCIMA. OBRIGAS DO/A BENEFICIARIO/A

Os/as solicitantes da subvención estarán obrigados ao cumprimento das obrigacións que lle foran impostas en virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións, nas presentes bases reguladoras e nas Bases de execución do orzamento que o Concello de Quiroga tivera aprobado ao efecto. En particular, o seguinte:

12.1. Presentar os impresos, declaracións, documentos e xustificacións que se indican nas presentes bases reguladoras e, en particular, no seu apartado catro e cinco consignando fielmente os datos que lle foran solicitados.

12.2. Facilitar toda a información, declaracións, documentos e xustificantes que en cumprimento do disposto nas presentes bases reguladoras lle sexan esixidos polo Concello de Quiroga, e someterse ás actuacións de comprobación que con relación ás subvencións concedidas se practiquen por parte da Intervención do Concello.

12.3. Executar a actividade para que lle foi concedida a subvención.

12.4. No caso de revogación da axuda, o/a interesado/a deberá reintegrar o importe íntegro da mesma, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

As presentes bases, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 6 de novembro de 2026, entrarán en vigor ao día seguinte da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Quiroga, 12 de novembro de 2026.- O alcalde, José Luis Rivera Castro.

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS A ESTUDANTES CURSO 2026/2027

Datos da/o Solicitante:

Nome e Apelidos																							
NIF																							
Domicilio																							
Teléfono							Correo electrónico																
IBAN																							

Datos da/o Alumna/o:

Nome e Apelidos	
Curso	
Centro de Estudos	

Documentación obrigatoria que se achega (marque cun X)

☐ Fotocopia do DNI do/da solicitante (pai/nai-titor/titora ou alumnado entre 18 e 25 anos).

☐ Certificado da matricula expedido polo centro educativo.

☐ Declaración responsable do/da solicitante segundo Anexo II.

Documentación complementaria que se achega PARA A XUSTIFICACIÓN.(marque cun X):

☐ Documento que xustifica o pago de libros de texto.

☐ Documento que xustifica os gastos de transporte.

☐ Fotocopia do contrato de alugueiro.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS

De acordo co establecido no RGPD e a LOPDGDD, informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Quiroga con dirección en Rúa Real, nº 52, CP 27320, en Quiroga. Os seus datos persoais serán empregados para a tramitación da licenza de obra solicitada ao Concello. Vostede ten dereito a acceder e rectificar os seus datos, así como, outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da SEDE ELECTRONICA DO CONCELLO: https://concellodequiroga.sedelectronica.es/

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.ª _____,

con NIF/pasaporte _____, alumno solicitante de 18 a 25 anos, ou pai, nai, titor/a do/a, dos/das alumno/a,alumnos/as:

DECLARA:

1) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

2) Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

3) Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

AUTORIZA:

Ao concello de Quiroga para que realice as comprobacións oportunas en relación cós apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2026/2027.

Quiroga, ____ de _____ de 2026

Asdo.-_____

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS

De acordo co establecido no RGPD e a LOPDGDD, informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Quiroga con dirección en Rúa Real, nº 52, CP 27320, en Quiroga. Os seus datos persoais serán empregados para a tramitación da licenza de obra solicitada ao Concello. Vostede ten dereito a acceder e rectificar os seus datos, así como, outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da SEDE ELECTRONICA DO CONCELLO: https://concellodequiroga.sedelectronica.es/

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

R. 3124

RIOTORTO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de novembro de 2026, prestou aprobación o Padrón da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación destes correspondente ao segundo semestre de 2026, no medio rural.

Así mesmo, acordouse expoñer o público o citado Padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte o da inserción deste edicto no B.O.P., no taboleiro de anuncios deste Concello e nos lugares de costume, o obxecto de exame e reclamacións. De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

O período de cobramento en vía voluntaria será dende o 16 de novembro ó 16 de decembro de 2026 nas oficinas municipais de 10 a 14 horas para aqueles que non domiciliaran os recibos.

Transcorrido o prazo sinalado, todos os contribuíntes que non satisfixesen os seus débitos quedarán incursos na recarga e costas de procedemento establecidos no Regulamento Xeral de Recadación.

Riotorto, 11 de novembro de 2026.- O alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3117

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – ALFOZ DO CASTRODOURO

Anuncio

AXUDAS PARA O TRANSPORTE DE ESTUDIANTES DE BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS E FORMACIÓN OCUPACIONAL PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL.CURSO 2026/2027

BDNS (Identif.): 941323

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/941323)

CONVOCATORIA CURSO 2026/2027

a) Crédito presupuestario: 2.000 euros Partida de imputación: 326.480.

b) Objeto, condiciones y finalidad:

El objetivo es la concesión de ayudas económicas individuales destinadas a cubrir los gastos de viaje de aquellos alumnos del Ayuntamiento que estudien fuera del término municipal bachillerato y ciclos formativos en centros educativos sostenidos con fondos públicos, mediante la utilización prioritaria del transporte público, en alguno de los siguientes modalidades, y siempre dentro de la comarca de A Mariña: Bachillerato, Ciclo de Formación Profesional Básico, Ciclo Medio de Formación Profesional y Ciclo Superior de Formación Profesional, todos ellos en las modalidades de Régimen Ordinario, Régimen de personas adultas modalidad presencial (oferta modular) y Formación Profesional dual. Además, se incorpora como supuesto la asistencia de personas con diversidad funcional a los centros de formación ocupacional de A Mariña.

La finalidad es favorecer la escolarización no obligatoria en los niveles de bachillerato y formación profesional, y la asistencia a centros de formación no ocupacional para personas con diversidad funcional, así como el uso del transporte público.

A estos efectos, los alumnos deberán estar matriculados en centros subvencionados con fondos públicos de la Comarca de A Mariña, formados por:

- Bachillerato*

- Ciclo de formación profesional básica *

- Ciclo medio de formación profesional. *

- Ciclo superior de formación profesional. *

* En las modalidades de Régimen Ordinario, Régimen de adultos modalidad presencial (oferta modular) y Formación profesional Dual.

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

En el curso 2026/27 incluye también al alumnado con diversidad funcional que acude a Centros de Formación Profesional de la Comarca de A Mariña, de forma presencial durante los periodos lectivos de estos centros, que funcionan en cursos de septiembre a julio, teniendo el periodo vacacional en mes de agosto.

c) Sistema de llamadas: Concurrencia competitiva.

d) Beneficiarios y requisitos:

Las ayudas podrán ser solicitadas por las familias de los alumnos, y en concreto por al menos uno de los progenitores naturales y por adopción de los menores titulares del Libro de Familia, sus tutores legales, o por los propios alumnos si son mayores de edad, cuando se cumplen los siguientes requisitos:

a.- Toda la unidad familiar, incluido el estudiante, deberá cumplir con el requisito de estar empadronado/o tener domicilio efectivo en el Municipio de Alfoz, excepto en el caso de independencia del solicitante, que se considerará como tal si en ese momento de la solicitud tiene contrato de trabajo en vigor, en cuyo caso se requerirá el empadronamiento y residencia efectiva personal.

b.- Estar matriculado, durante el curso académico que se inicia en el año de la convocatoria, en alguno de los estudios señalados en la base primera impartidos en un centro educativo subvencionado con fondos públicos de la Comarca de A Mariña y mantener dicha matrícula hasta el final del curso.

c.- El estudiante no puede haber cumplido 30 años, tanto en el momento de la convocatoria como dentro del año natural en que se publica, con excepción de las personas con diversidad funcional.

d.- No ser el solicitante o el beneficiario deudor de la Hacienda Pública Municipal, Autonómica o del Estado así como de la Seguridad Social.

e.- No tener subvención alguna otorgada por el Ayuntamiento de Alfoz pendiente de justificación.

f.- No podrán solicitar estas subvenciones las personas y entidades a que se refieren los artículos 13.2 y 13.3 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones y el artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio.

g.-Teniendo en cuenta que a partir de 2021 todos los menores de 20 años podrán utilizar la Tarjeta Xente Nova de la Xunta de Galicia, que cubre los gastos generados por el transporte durante el curso escolar, los alumnos de BAC y FP que dispongan de autobús desde y a Alfoz coincidiendo con el horario lectivo de los centros educativos en los que estén matriculados en el curso 2022/23 no tendrán derecho a estas ayudas del Ayuntamiento de Alfoz.

Los estudiantes mayores de 20 años, que no tengan derecho a la tarjeta Xente Nova de la Xunta de Galicia, pueden optar a estas ayudas del Ayuntamiento de Alfoz si cumplen el resto de requisitos y justifican los gastos que generan los desplazamientos al centro educativo durante el curso correspondiente según las indicaciones a que se refiere el apartado correspondiente.

h.-Tendrán derecho a ayuda los alumnos de BAC y FP y de Centros de Formación Profesional para personas con diversidad funcional que acrediten la incompatibilidad del horario escolar con el horario de transporte público disponible en el Ayuntamiento de Alfoz.

e) Documentación a presentar:

a.- Formulario de solicitud (Anexo I) y declaración jurada (Anexo II).

b.- Fotocopia del DNI o NIF del solicitante (en el caso de estudiantes menores de edad) y del estudiante.

c.- Fotocopia del Libro de Familia.

d.- Certificado de empadronamiento y convivencia.

e.- Certificado o acreditación de estar matriculado en los estudios para los que se solicita la ayuda.

f.- Certificación de titularidad de la cuenta bancaria donde se realiza el depósito. En el caso de estudiantes mayores de edad, deberán ser titulares de una cuenta bancaria.

g.- Declaración de otras ayudas obtenidas con la misma finalidad, en el formulario normalizado.

h.- Declaración acreditativa del cumplimiento de los requisitos, obligaciones y condiciones necesarias para la obtención de la ayuda, en el modelo normalizado. (Anexo III) donde se hace constar que no se cancelará la matrícula, que el importe económico se destinará a los fines establecidos durante el curso académico correspondiente.

f) Unidad de tratamiento: Departamento Técnico de Gestión.

Órgano competente resolución: La Alcaldía.

g) Plazo de presentación de solicitudes: 15 DÍAS HÁBILES contados a partir del día siguiente de la publicación de ésta en el BOP y BDNS.

h) Plazo de resolución y notificación: 6 meses.

i) Se admite la reformulación de solicitudes.

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)

j) La resolución de concesión pone fin a la vía administrativa, pudiendo presentar recurso de reposición ante la Alcaldía en el plazo de un mes o recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos meses.

k) Criterios de valoración: En caso de que el número de solicitudes presentadas en la correspondiente convocatoria, que cumplan los requisitos de las presentes bases, supere la cuantía total del presupuesto asignado, no se modificará, reduciéndose en todo caso proporcionalmente a la cuantía asignada a cada beneficiario.

l) Medio de notificación: La resolución se notificará a los interesados mediante publicación en tablón de anuncios, página web y se les notificará individualmente. Transcurrido dicho plazo sin que se haya renunciado a la subvención, se entenderá aceptada tácitamente.

m) Otros datos.

Las solicitudes se realizarán en el formulario normalizado existente en las oficinas de registro del Ayuntamiento y se publicarán en el tablón de anuncios de la sede electrónica del Ayuntamiento y se dirigirán a la Sra. Alcaldesa-Presidenta del Ayuntamiento, presentándose en el registro de entrada del Ayuntamiento o por cualquiera de los medios indicados en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se admite el pago a cuenta hasta el 50% del importe total de la ayuda concedida.

Alfoz do Castrodouro, 10 de noviembre de 2026.- La alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 3118

Anuncio publicado en: Num BOP 264 año 2026 (17/11/2026 08:00:00)